Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	19/67



dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Samos nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no Concello de Samos ano 2025 cuxo contido é o seguinte:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no Concello de Samos ano 2025.

Reunidos

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona María Jesús López López, Alcaldesa do Concello de Samos, con N.I.F P2705500C e sede social na Praza de España,1 CP 27620, Samos, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.


Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 19 de setembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para cooperar no financiamento

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	20/67





dos gastos derivados da execución das actuacións “Obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras municipais” no Concello de Samos ano 2025 por importe total de 219.957,16 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo A aprobación do gasto, por importe de 219.957,16 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.”

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o con-cello de Samos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “obras de pavimentación de vías públicas, interior de núcleos e rehabilitación de diversas infraestructuras muni-cipais” no concello de Samos ano 2025 formalizouse o 23 de setembro de 2025.

Terceiro: A alcaldesa do concello de Samos remitiu, o 10 de febreiro de 2026, escrito no que se estable-ce o seguinte:

“(…)

Visto que segundo a cláusula cuarta, 4.2 apartado 3 e a cláusula quinta letra c), a data límite de execución da actuación é 30/09/2026 e a data límite de xustificación é o 31/10/2026.

Debido a dificultade de cumprir cos prazos administrativos derivados do expediente (concesión de permisos sectoriais, adxudicación das obras, execución, xustificación…)

Solicita:

Que se conceda unha ampliación no prazo de execución e xustificación ata o día 30/11/2026”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	21/67



Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas cuarta e quinta do convenio que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

- 1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.

Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Samos:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Samos, comprométese ao seguinte:

- 1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
- 3.O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de novembro de 2026.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
11. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministrados e servizos e 5 anos en obras).”


Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 219.957,16 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	22/67





2.-Acheга do Concello:

O Concello de Samos financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será de titularidade municipal

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Samos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de novembro de 2026.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.


d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación das obras

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	23/67



Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministrados e servizos).

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda. As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.


Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito, con data 23 de setembro de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Celebración do 25º aniversario da declaración como

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	24/67





patrimonio mundial pola UNESCO da muralla romana de Lugo” no Concello de Lugo, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe favorable

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/002975) dende a Sección de Fomento do Ser-vizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe

Antecedentes de feito


Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 12 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Celebración do 25º aniversario da declaración como patrimonio mundial pola UNESCO da muralla romana de Lugo” no Concello de Lugo, ano 2025 por importe total de 105.000,00 € cuxo contido é o seguinte: (...).

Segundo A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento Xeral, en concepto de achega económica, por parte da Deputación para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio,.”

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “celebración do 25º aniversario da declaración como patrimonio mundial pola UNESCO da muralla romana de Lugo” no concello de Lugo, ano 2025 formalizouse o 23 de decembro de 2025.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	25/67



Terceiro: O alcalde do concello de Lugo remitiu, o 13 de febreiro de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

“(.) Tendo en conta que o Concello de Lugo aínda non incorporou os créditos que amparan os compromisos de gasto do exercicio anterior (2025) do referido Convenio, tal e como establece o Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título sexto da Lei reguladora das Facendas Locais, en materia de Presupostos, para proceder ao aboamento das facturas comprensivas da conta xustificativa,

É polo que,
Solicítase:

Unha ampliación no prazo de presentación da conta xustificativa dos gastos do anterior Convenio, coa data límite do 30 de abril de 2026.”

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.

“(…)

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

(…)”

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025


A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Oitava.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	26/67





Segunda: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos intere-sados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circuns-tancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

Terceira: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrenxia de interese común).

O novo prazo non excede da metade do prazo previsto.

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.


E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Lugo nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	27/67



financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Celebración do 25º aniversario da declaración como patrimonio mundial pola UNESCO da muralla romana de Lugo” no Concello de Lugo, ano 2025 cuxo contido é o seguinte:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Celebración do 25º aniversario da declaración como patrimonio mundial pola Unesco da muralla romana de Lugo” no Concello de Lugo, ano 2025.

Reunidos

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Miguel Fernández Méndez, Alcalde do Concello de Lugo, con N.I.F P2702800J e sede social na Praza Maior, 1, CP 27001, actuando en nome e representación, por delegación, da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan


Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 12 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Celebración do 25º aniversario da declaración como patrimonio mundial pola Unesco da muralla romana de Lugo” no Concello de Lugo, ano 2025 por importe total de 105.000,00 € cuxo contido é o seguinte: (...).

Segundo A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento Xeral, en concepto de achega económica, por parte da Deputación para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio,.”

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	28/67





derivados da execución das actuacións “celebración do 25º aniversario da declaración como patrimonio mundial pola UNESCO da muralla romana de Lugo” no concello de Lugo, ano 2025 formalizouse o 23 de decembro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Lugo remitiu, o 13 de febreiro de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

“(.) Tendo en conta que o Concello de Lugo aínda non incorporou os créditos que amparan os compromisos de gasto do exercicio anterior (2025) do referido Convenio, tal e como establece o Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título sexto da Lei reguladora das Facendas Locais, en materia de Presupostos, para proceder ao aboamento das facturas comprensivas da conta xustificativa,

É polo que,

Solicítase:

Unha ampliación no prazo de presentación da conta xustificativa dos gastos do anterior Convenio, coa data límite do 30 de abril de 2026.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, reconécese a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula quinta do convenio que quedará redactada no seguinte senso:

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	29/67



O Concello de Lugo efectuará unha achega de 55.000,00 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será de titularidade compartida posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e beneficiarán directamente aos veciños e veciñas da provincia de Lugo.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de abril de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	30/67





Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda. As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito, con data 23 de decembro de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DAS PARCELAS NÚMERO 23 E NÚMERO 24 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE COSPEITO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En data de 30 de xaneiro de 2026 foi presentado un escrito por D. Benjamín Carballeira Bello e D. Serafín de la Fuente Pico, en representación da empresa Gasóleos A Lagoa S.L, mediante o que expoñen que están interesados na adquisición das parcelas número 23 e número 24, situada no Polígono Industrial feira do Monte, no Concello de Cospeito e solicitan a súa adquisición por importe de 67.080,00€ máis IVE, mediante pago aprazado a cinco anos, con cotas trimestrais.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	31/67



A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de agosto de 2025, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Feira do Monte”, Concello de Cospeito, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, en data de 20 de agosto de 2025.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 3 de outubro de 2025, acordou declarar deserto o procedemento convocado para o alleamento, mediante poxa, das parcelas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Feira do Monte”, no Concello de Cospeito, ao non recibirse ofertas para concorrer a este procedemento, declarando que as parcelas ofertadas neste procedemento e que figuran no prego reitor do procedemento poderán ser obxecto de alleamento, mediante adxudicación directa, polo prezo tipo que aparece no citado prego.

As parcelas número 23 e número 24 do Polígono Industrial “Feira do Monte” no Concello de Cospeito figuran no prego reitor deste procedemento de alleamento e, de acordo co exposto, non foron adxudicadas.

O prezo das parcelas, recollido no prego reitor do procedemento, é o seguinte:

Parcela 23 – trinta e tres mil cincocentos corenta euros (33.540,00€) máis IVE.

Parcela 24 – trinta e tres mil cincocentos corenta euros (33.540,00€) máis IVE.

Polo tanto, o importe total das parcelas é de sesenta e sete mil oitenta euros (67.080,00€) máis IVE.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 6 de febreiro de 2026 con CSV IV7RU4C3BZ75YSF42MA45ZZ7MM.


Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 10 de febreiro de 2026 , con CSV IV7RUOHDJ4RITNGMUAWWG43E4I.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 23 e número 24 do Polígono Industrial de Cospeito, a favor de Gasóleos A Lagoa S.L polo importe de sesenta e sete mil oitenta euros (67.080,00€) máis IVE, con pago aprazado a cinco anos e cotas trimestrais, co devengo dos intereses correspondentes e de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas, reitor do alleamento.

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número parcela número 23 e número 24 do Polígono Industrial de Cospeito, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Gasóleos A Lagoa S.L

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	32/67





3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 23 e número 24 do Polígono Industrial de Cospeito”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LISTAXE PROVISIONAL DE ENTIDADES ADMITIDAS, LISTAXE DE AGARDA E LISTAXE DE SOLICITUDES DESESTIMADAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA 2026.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2025, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

(...)

2º Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia para a anualidade 2026.

3º- Aprobar a publicación das bases e da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia para anualidade 2026 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

(...)

A convocatoria e as bases reguladoras do programa Coñece a túa provincia foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 007 do 10 de xaneiro de 2026, abríndose o prazo para a presentación de solicitudes por parte das entidades interesadas dende o 12 de xaneiro de 2026 ás 12:00 horas ata o 16 de xaneiro ás 23:59 horas.

De acordo co previsto na base 6.1, por parte do Servizo de Turismo procedeuse á instrución do procedemento, comprobando as solicitudes presentadas e o

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	33/67



cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras. Unha vez examinados os expedientes, determínase que da totalidade das solicitudes recibidas:

Trescentas sesenta e cinco solicitudes (365) dispoñen da documentación correcta e presentada dentro do prazo establecido nas bases da convocatoria do programa (do 12 de xaneiro ás 12:00 horas ao 16 de febreiro ás 23:59 horas). Destas, cento trinta e cinco (135) inclúense na listaxe provisional de entidades admitidas e duascenas trinta (230) na listaxe provisional de entidades en agarda. Coa listaxe de entidades admitidas complétanse un total de 3030 prazas das 3036 ofertadas.

Vinte e cinco (25) solicitudes figuran provisionalmente excluídas.

Polo que antecede, vistas as bases da convocatoria do programa Coñece a túa provincia 2026 e o informe emitido polo Servizo de Turismo con CSV IV7RW4PLEB65VD46CQABKXXGEU, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º- Aprobar a seguinte listaxe provisional de cento trinta e cinco (135) entidades admitidas para participar no Programa Coñece a túa provincia 2026 de acordo coa prelación sinalada na base 6.2 da convocatoria do programa, segundo a cal:

“1º- Terán prioridade aquelas entidades que cumpran os requisitos para participar no programa e que non foran beneficiarias de excursións en anteriores edicións.

2º- En segundo lugar, consideraranse o resto das entidades que cumpran os requisitos para participar no programa na anualidade 2026 e que foron beneficiarias de excursións en convocatorias anteriores (2021, 2022, 2023, 2024, 2025) coa seguinte orde:

1. Entidades beneficiarias en unha convocatoria.
2. Entidades beneficiarias en dúas convocatorias.
3. Entidades beneficiarias en tres convocatorias.
4. Entidades beneficiarias en catro convocatorias.
5. Entidades beneficiarias en cinco convocatorias.


Dentro de cada nivel de prioridade, a orde das solicitudes determinarase segundo a data e hora que consten no sistema de rexistro da Deputación de Lugo, cando corresponda, ou na documentación presentada a través de rexistros externos. A hora de rexistro considerarase con indicación de hora, minuto e segundo, aplicándose as seguintes regras:

Cando unha solicitude non inclúa a hora de entrega, considerarase presentada en último lugar dentro da mesma data, no caso de existir outras solicitudes rexistradas ese día.

Cando unha solicitude non especifique os segundos, considerarase presentada en último lugar dentro do minuto correspondente, no caso de haber outras solicitudes presentadas na mesma hora e minuto.

Se varias entidades presentan solicitudes o mesmo día sen hora, ou con data e hora idénticas, a prelación establecerase segundo os seguintes criterios:

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	34/67





- 1º. Orde alfabética, tomando como referencia a primeira letra do nome do municipio onde a entidade teña a súa sede, excluindo, de ser o caso, o artigo inicial do topónimo.
2º. De persistir o empate, atenderase ao número de expediente asignado automaticamente polo sistema de tramitación da Deputación de Lugo.

Listaxe provisional de entidades admitidas

	NOME DA ENTIDADE	NIF	EXCURSIÓNS CONCEDIDAS EDICIÓNS ANTERIORES	DATA E HORA DE REXISTRO	PRAZAS SOLICITADAS
1	ASOC DE VECINOS DE LAXOSA AIRAMONTE	G27297829	0	12/01/2026 12:00:04	23
2	ASOC DE VECINOS REANEM	G27133552	0	12/01/2026 12:01:28	23
3	CARITAS DIOCESANA MONDOŃEDO FERROL (GUITIRIZ)	R1500294B	0	12/01/2026 12:03:09	23
4	ASOC DE MULLERES RURAIS A NOSA VOZ	G27369859	0	12/01/2026 12:03:44	23
5	CENTRO PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL FOGAR DE XUBILO	G21656764	0	12/01/2026 12:04:15	23
6	ASOC VECIÑOS SAN ANDRES DE MASMA	G27240811	0	12/01/2026 12:05:47	23
7	APA COLEGIO PUBLICO DE MEIRA	G27120500	0	12/01/2026 12:06:40	23
8	ASOCIACION DE VECINOS DE SAN LAZARO	G27040757	0	12/01/2026 12:07:39	23
9	ASOC DE VECIÑOS SAN XOAN DE VILARENTE	G27358225	0	12/01/2026 12:08:08	15
10	ASOC DE SENDERISMO TRABADA PASO A PASO	G27501873	0	12/01/2026 12:08:12	23
11	ANPA DO CEIP VELEIRO DE CAMPO CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA	G27371129	0	12/01/2026 12:08:29	23
12	ASOC CULTURAL PONTE VELLA DE MONCELOS	G27249333	0	12/01/2026 12:08:33	23
13	AAVV CULTURAL DEP. SANTALLA DE PENA	G27439710	0	12/01/2026 12:08:44	23
14	ASOC VECIÑOS DE CABREIROS	G27225663	0	12/01/2026 12:08:53	23
15	ASOC DE VECINOS SANTA EULALIA DE LA DEvesa	G27118785	0	12/01/2026 12:09:11	23
16	ASOC DE VECIÑAS E VECIÑOS DE REBORDAOS DO SAVIÑO	G13755509	0	12/01/2026 12:09:24	23
17	ASOC DE VECINOS O VENCELLO	G27119031	0	12/01/2026 12:09:25	23
18	ASOCIACION DE MULLERES DA PARROQUIA DE FURCO	G27514546	0	12/01/2026 12:09:28	23
19	ASOC MULLERES RURAIS DE MURAS	G27505312	0	12/01/2026 12:09:49	23
20	ASOC DE VECINOS PROENCIA	G27139427	0	12/01/2026 12:10:05	23
21	ASOC CULTURAL Y DE VECINOS DE SAN JUAN DEL CAMPO	G27236660	0	12/01/2026 12:10:23	23
22	ASOCIACION CULTURAL DEIQUI	G75748962	0	12/01/2026 12:10:39	23
23	ASOC VECIÑAL SANTA FILOMENA DO CADRAMON	G44750784	0	12/01/2026 12:10:46	23
24	ASOC O MUIÑO VELLO DE MATELA	G27460351	0	12/01/2026 12:11:07	23
25	ASOC CULTURAL MUSICAS DE MONFORTE	G24834855	0	12/01/2026 12:11:25	23
26	ASOCIACION COMISION DE FESTAS PATRONAIS SANTO ESTEVO DO VAL	G27514306	0	12/01/2026 12:11:36	23
27	ASOC PARROQUIA DE GALEGOS	G27493709	0	12/01/2026 12:11:41	23
28	ASOC CULTURAL SEMENTE CORAL	G22856074	0	12/01/2026 12:11:46	23
29	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA MIÑO VIVO	G21720446	0	12/01/2026 12:11:47	23
30	ASOC CORAL DE PORTOMARIN	G75707695	0	12/01/2026 12:12:06	23
31	ASOC CULT O COLADO DO VENTO	G27374461	0	12/01/2026 12:12:10	23

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	35/67



	NOME DA ENTIDADE	NIF	EXCURSIÓN CONCEDIDAS EDICIÓNS ANTERIORES	DATA E HORA DE REXISTRO	PRAZAS SOLICITADAS
32	ASOC VECIÑAL PUENTENUEVO DE REBORDAOS VERAL	G27241900	0	12/01/2026 12:12:36	23
33	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA DE ARBOL	G27451681	0	12/01/2026 12:12:44	23
34	ASOC DE MULLERES RURAIS AS ESPALLADORAS	G27309517	0	12/01/2026 12:12:47	23
35	ASOC VECIÑAL DA PARROQUIAL DE VILAESTEVA	G27516335	0	12/01/2026 12:13:04	23
36	ASOC DE VECIÑOS DE CERXEDO	G27457100	0	12/01/2026 12:13:10	23
37	ASOCIACION VECIÑANZA MARIA BALTEIRA	G56431141	0	12/01/2026 12:13:29	23
38	APA DEL C.P. ANTONIO INSUA BERMUDEZ	G27119833	0	12/01/2026 12:13:33	23
39	ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS	G27442482	0	12/01/2026 12:14:05	23
40	ASOC DE APICULTURA SERRA DA CARBA	G27500016	0	12/01/2026 12:14:11	23
41	ASOC VECIÑAL O CRUCEIRO DE S PEDRO DE SEIXAS	G27247493	0	12/01/2026 12:14:18	23
42	ASOC DE VECIÑOS DE CINXE - LA DEVESA	G27125988	0	12/01/2026 12:14:30	23
43	POLIFONICA VILLALBESA	G27015734	0	12/01/2026 12:15:05	23
44	ASOC CULTURAL AGORA	G27239060	0	12/01/2026 12:15:19	15
45	ASOCIACION DE VECINOS DO CORGO	G56783954	0	12/01/2026 12:15:37	23
46	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DE SALDANXE	G19923804	0	12/01/2026 12:15:57	16
47	ASOC DE VECINOS DE XUDAN	G27177575	0	12/01/2026 12:16:07	23
48	ASOC CULTURAL Y RECREATIVA AS FACHAS	G27180009	0	12/01/2026 12:17:10	20
49	ASOCIACION VECIÑANZA DE TROBO	G19442771	0	12/01/2026 12:17:18	23
50	ASOC VECIÑOS SANTIAGO DE ADELAN	G27396886	0	12/01/2026 12:17:32	23
51	ASOC. CULTURAL ARUMES DO CORGO	G27344100	0	12/01/2026 12:18:34	23
52	ASOC DE VECINOS SAN MARTIN DE CARRAL	G27023027	0	12/01/2026 12:19:27	23
53	ASOC DE VECIÑOS OLIVEIRA CASAS	G27403393	0	12/01/2026 12:19:36	23
54	ASOCIACION DE VECIÑOS AS VICTORIAS	G27230119	0	12/01/2026 12:19:37	23
55	ASOC VECINAL SANTA EUFEMIA DE LEMOS	G75442954	0	12/01/2026 12:20:31	20
56	ASOC DE VECIÑOS SAN SEBASTIAN DE CARBALLIDO	G27258052	0	12/01/2026 12:21:00	23
57	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS DE SAN PEDRO DE LABIO	G75823856	0	12/01/2026 12:21:43	23
58	ASC CIDADANA CONTRA A LETRA PEQUENA (A.C. CON LUPA)	G27465285	0	12/01/2026 12:24:43	23
59	AGRUPACION CULTURAL FRANCISCO LANZA	G27022862	0	12/01/2026 12:25:23	23
60	ASOC DE AMAS DE CASA Y CONSUMIDORES BRUMA DE LAGOSTELLE	G27263474	0	12/01/2026 12:25:33	23
61	ASOCIACION MULLERES VECIÑAIS LUCENSES	G75956615	0	12/01/2026 12:25:41	23
62	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS AGARIMO DE SANTABALLA	G27179134	0	12/01/2026 12:26:50	23
63	ASOC DE MULLERES RURAIS O XARAMAGO	G27425610	0	12/01/2026 12:27:08	23
64	ASOC DE VECINOS SOCIEDAD EL PROVENIR DEL CHAO DE LOUSADA	G27279504	0	12/01/2026 12:30:48	23
65	ASOCIACION DE VECINOS DE CODESIDO ASOVECO	G27368026	0	12/01/2026 12:32:56	23
66	FUNDACION PARA A PROTECCION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSIUICA VILALBA TERRA CHA	G27244169	0	12/01/2026 12:34:30	23
67	ASOC AMAS DE CASA E CONSUMIDORES RIO MIÑO	G27275288	0	12/01/2026 12:35:12	23
68	ASOCIACION DE VECIÑOS DE MAÑENTE	G13724463	0	12/01/2026 12:37:11	23
69	ASOC NAIS E PAIS IES DAVIÑA REY MONFORTE LEMOS	G27231703	0	12/01/2026 12:38:22	23
70	ASOC DE MULLERES RURAIS AMENCER	G27152404	0	12/01/2026 12:42:02	23
71	ASOCIACION DE VECINOS DE SAN LAZARO	G27040757	0	12/01/2026 12:42:40	23
72	ASOCIACION SCHOLA GREGORIANA LUCENSIS	G27398528	0	12/01/2026 12:43:43	23
73	ASOC DE VECINOS DE GONDAR	G27161306	0	12/01/2026 12:54:46	23
74	ASOC DE VECINOS DE SANTA CRUZ DO VALADOURO	G27144849	0	12/01/2026 12:57:09	23
75	CLUB NAUTICO DE FOZ	G27019405	0	12/01/2026 13:00:40	23
76	ASOC DE VECINOS O SAN MIGUEL	G27139195	0	12/01/2026 13:02:38	22
77	ASOCIACION DE VECIÑOS DE SAN XURXO "O REFUGIO"	G27369503	0	12/01/2026 13:02:41	23
78	ASOC VECIÑAL Y CULTURAL TERRA DO TOXO	G75723387	0	12/01/2026 13:02:47	23
79	ASOC DE PENSIONISTAS EL ENJAMBRE	G27198894	0	12/01/2026 13:05:41	23
80	ASOC DE IRMANAMENTO DE RIBADEO	G27483262	0	12/01/2026 13:07:29	23
81	ASOCIACION RECREATIVA E CULTURAL AGULLA MAXICA	G27423367	0	12/01/2026 13:10:44	23
82	ASOC DE VECIÑOS DE GOIRIZ	G27171743	0	12/01/2026 13:11:37	23
83	ASOCIACION FONTE DO CASTRO DE SAN XIAO PARA DIFUSION E DEFENSA DO LIC PARGA-LADRA-TAMOGA	G27283423	0	12/01/2026 13:16:22	23
84	ASOC VECIÑAL SAN SILVESTRE	G27289362	0	12/01/2026 13:16:54	23
85	ASOCIACION VECIÑAL SERRA NARON	G55445472	0	12/01/2026 13:20:49	23

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verfirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	36/67





	NOME DA ENTIDADE	NIF	EXCURSIÓNS CONCEDIDAS EDICIÓNS ANTERIORES	DATA E HORA DE REXISTRO	PRAZAS SOLICITADAS
86	ASOC DE VECINOS RIO DE OURO SAN ACISCLO DE FOZ	G27115666	0	12/01/2026 13:24:34	23
87	ASOC DE VECIÑOS SANTIAGO APOSTOL SAN EUFRASIO A CHANCA CASTELO RATO DE LUGO	G44886273	0	12/01/2026 13:27:17	23
88	ASOCIACION DE VECIÑOS SAN PEDRO DA RIBEIRA	G27261221	0	12/01/2026 13:42:25	23
89	ASOC MUJERES BOLBORETAS	G27119064	0	12/01/2026 14:04:22	23
90	IRMANDADE CASTRO DE REI- PLOUENEVEZ-QUINTIN	G27299965	0	12/01/2026 14:04:53	23
91	ONG RESCATE INTERNACIONAL	G80366107	0	12/01/2026 14:07:17	23
92	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA SANTIAGO DE MEILAN	G70964333	0	12/01/2026 14:08:15	23
93	ASC CULTURAL E DE VECIÑOS CASTRO CELTA	G27465483	0	12/01/2026 15:08:30	23
94	AGRUPACION DEPORTIVA SAN XULIAN DE NOIS	G27128818	0	12/01/2026 15:43:46	23
95	ASOC VECINOS CULT DEPORTIVA CASTELO RATO	G27251594	0	12/01/2026 16:26:27	23
96	ASC DE VECIÑOS DE CABORRECELLE	G27470483	0	12/01/2026 18:55:56	23
97	ASOCIACION CULTURAL O COMPAS DO RIO OURO	G75979914	0	12/01/2026 19:00:38	23
98	ASOC CORAZONS ARTESANS	G27411636	0	12/01/2026 20:03:36	15
Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema selectivo.

O sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)".

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	51/67



Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.

Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:

“Na Subescala de Servizos Especiais as prazas de Cometidos Especiais provistaranse así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición.”

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11.10.2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/subgrupo e clasificación.

A praza de Auxiliar Arquivo, figura encadrada na escala de administración especial, subescala servizos especiais, cometidos especiais (art. 167 TRRL), grupo de clasificación C, subgrupo C1 (art. 76 TRLEBEP).

D) Requisitos de participación.


As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de Bacharelato ou Técnico (art. 76 EBEP) ou titulacións académicas equivalentes.

Así mesmo, como complemento da base xeral 4 f), será preciso posuír o Celga 4.

E) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	52/67





As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

F) Cumprimento da legalidade

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”

Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”

Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.


b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. *Proposta de acordo*

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	53/67



Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobación das bases específicas que rexerán o procedemento selectivo para o ingreso como persoal funcionario de carreira, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado , apartado Primeiro IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art 20.DOS.4, IB)1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1 cota xeral, polo sistema de concurso – oposición, acceso libre (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2023	893	AUXILIAR ARQUIVO	1458	AUXILIAR ARQUIVO ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	C-C1	Xeral

As bases específicas complementarían as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DA COTA XERAL E DÚAS (2) PRAZAS DA COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, DENOMINADAS AUXILIAR SALA, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 – APARTADO PRIMEIRO. OE 2023. IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL E IB)1.2 COTA RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, COTA RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO – OPOSICIÓN.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	54/67





Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1.- Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente tres (3) prazas do cadro de persoal funcionario que a continuación se indican, vacantes e dotadas orzamentariamente, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo do ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), que figuran no apartado primeiro OE 2023. IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral e IB)1.2 cota reserva persoas con discapacidade; e na Oferta de Empleo Público do ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, que figura no apartado IA) taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime Xurídico Administrativo, Cota Reserva Persoas Con Discapacidade, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, e aprobar as bases específicas que complementarían ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2.- Caracterización das prazas.

A) Cota xeral.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO
1	2023	981	AUXILIAR SALA	1725	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	C-C2

B) Cota reserva a persoas con discapacidade.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO
2	2023	980	AUXILIAR SALA	1724	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	C-C2
	2024	903		1467			

3. Normativa de aplicación.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	55/67



As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020).

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.

Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).


4. Consideracións xurídicas e técnicas.

A) Convocatoria.

As prazas que se pretenden convocar están incluídas nas ofertas de emprego público do ano 2023, apartado Primeiro IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral e IB)1.2 cota reserva persoas con discapacidade; e na Oferta de Emprego Público do 2024, que figura no apartado IA) taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, cota reserva persoas con discapacidade, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	56/67





Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

B) Sistema selectivo.

O sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.

Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.

Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:


“Na Subescala de Servizos Especiais as prazas de Cometidos Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debida-mente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición.”.

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11.10.2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	57/67



ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/subgrupo e clasificación.

As prazas de Auxiliar Sala, figuran encadradas na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais (art. 167 TRRL), grupo de clasificación C, subgrupo C2 (art. 76 TRLEBEP).

D) Requisitos de participación.

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou titulacións académicas equivalente.

Así mesmo, como complemento da base xeral 4 f), será preciso posuír o Celga 4.

E) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

F) Cumprimento da legalidade.

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	58/67





Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrncia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.

b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

G) Desenvolvemento do proceso selectivo- persoas con discapacidade.

Para a correcta realización do proceso atenderase ó establecido no art. 59.1 do TRBLEP, que indica:

“(…)

Nas ofertas de emprego público reservarase un cupo non inferior ao sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de modo que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais en cada Administración Pública.”

Así mesmo, no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social sinala no artigo 4.2:

“(…) terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.”

O Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro polo que se regula o emprego público e a provisión de postos de traballo as persoas con discapacidade indica no art. 2 que para participar deberá contar “(…) o grao de minusvalía sexa igual ou superior ao 33%”. Neste mesmo Real Decreto, no seu art. 3 convocatorias ordinarias con reserva de prazas para persoas con discapacidade, no seu punto 2 e 3, establece:

3.2: “Co fin de avanzar no propósito de conseguir a igualdade de oportunidades, no suposto de que algún dos aspirantes con discapacidade que se presentara polo copo

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	59/67



de reserva de persoas con discapacidade superase os exercicios correspondente, pero non obtivera praza e a súa puntuación fora superior á obtida polos outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema xeral de acceso.”

3.3:“As probas selectivas terán idéntico contido para todos os aspirantes, independentemente da quenda pola que se opte, sen prexuízo das adaptacións previstas no artigo 8. Durante o procedemento selectivo darase un tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire á relación de admitidos, os chamamento aos exercicios e a relación de aprobados. Non obstante, ao rematar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todos os candidatos que superasen todas as probas selectivas, ordenados pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participaran. Dita relación será a determinante para a petición e a adxudicación de destino, excepto o previsto no artigo 9.”

H) Criterios de adaptación de tempos adicionais.

Para á adaptación de tempos adicionais estarase ao disposto na Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

5.-Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo para o ingreso como persoal funcionario de carreira, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na oferta pública de emprego do ano 2023, apartado Primeiro OE 2023. IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.Dos.4, IB)1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral e IB)1.2 cota reserva persoas con discapacidade (BOP núm. 298, do 30.12.2023); e na Oferta de Emprego Público do 2024, apartado IA) taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, cota reserva persoas con discapacidade (BOP núm. 301, do 31.12.2024), polo sistema de concurso-oposición, acceso libre.

A) Cota xeral.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO
1	2023	981	AUXILIAR SALA	1725	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	C-C2

B) Cota reserva a persoas con discapacidade.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	60/67





Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO
2	2023	980	AUXILIAR SALA	1724	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	C-C2
	2024	903		1467			

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS MAQUINISTA-CONDUTOR/A, DE PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART.20.DOS.4, IB) 2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, IB)2.1. COTA XERAL POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	61/67



“1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal laboral que a continuación se indican, vacantes e dotadas, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), que figuran no apartado Primeiro OE 2023. IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, ART.20.DOS, IB)2 réxime xurídico laboral, IB)2.1 cota xeral, polo sistema de concurso – oposición, acceso libre, e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. Caracterización das prazas.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023	3346 3345	MAQUINISTA- CONDUTOR/A	1701 1700	MAQUINISTA-CONDUTOR/A ENTRADA	C-C2	Xeral

3. Normativa de aplicación.

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos á normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.


Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020).

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	62/67





Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo. Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Convenio colectivo para persoa laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).

4. Consideracións xurídicas e técnicas

A) Convocatoria

As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2023, apartado Primeiro – IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art.20.DOS.4, IB)2 réxime xurídico laboral, IB)2.1 cota xeral, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: “(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.

Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

B) Sistema selectivo

O sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

O artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: “Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dita Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso - oposición nos

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	63/67



que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”

Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.

Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.

Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:

“Na Subescala de Servizos Especiais as prazas de Labores Especiais provistaranse así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición.”.

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11.10.2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.


C) Grupo/subgrupo e clasificación.

As prazas de Maquinista-Conductor/A que pertencen ao grupo C, subgrupo C2 (art. 76 do TREBEP por remisión do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo).

D) Requisitos de participación.

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	64/67





Así mesmo requírese estar en posesión dos permisos de conducción tipo A, B, C e C+E e como complemento da base xeral 4 f), será preciso posuír o Celga 3.

E) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

F) Cumprimento da legalidade.

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.


d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas”.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	65/67



b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado Primeiro OE 2023. IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art 20.DOS.4, IB)2 réxime xurídico laboral, IB)2.1 cota xeral, polo sistema de concurso – oposición, acceso libre (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023	3346 3345	MAQUINISTA- CONDUTOR/A	1701 1700	MAQUINISTA- CONDUTOR/A ENTRADA	C-C2	Xeral

As bases específicas complementarían as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12.03.2021e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 27/2026.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	66/67





“En relación co Oficio remitido polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado 0000027/2026 seguido a instancia de D. José Luis Arango Gómez fronte á Deputación e fronte ó Concello de A Fonsagrada en materia de liquidación do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no devandito procedemento a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

2º.- A remisión do expediente administrativo ao Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Xulgado.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Fecha y Hora	26/02/2026 11:00:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQQK3MH5OLCVC2ZY5IEBOP4	Página	67/67

